



## Información Probas libres títulos extinguidos LOXSE

### CS Saúde Ambiental

*Resolución do 29 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e actualmente extinguidos debido á entrada en vigor e á implantación dos novos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación (LOE).*

1. Aberto prazo de presentación de solicitudes do **3 ao 13 de maio do 2022**.
2. Poderán ser obxecto de avaliación todos os módulos profesionais dos ciclos formativos extinguidos agás o de Formación en Centros de Traballo (FCT).
3. **Requisitos** das persoas solicitantes:
  - a. Cumprir os requisitos académicos de acceso aos ciclos formativos correspondentes, establecidos na LOE.
  - b. Ter cursado un ciclo formativo da LOXSE, actualmente extinguido, nalgún centro educativo de Galicia.
  - c. Non estar matriculado no curso académico de realización no título equivalente establecido segundo a LOE.
  - d. Durante o período de vixencia da matrícula, non se poderá estar matriculado simultaneamente nun mesmo módulo profesional nas modalidades a distancia, semipresencial ou presencial, así como nas probas para a obtención deste.
4. **Documentación a presentar:**
  - a. Solicitud de inscrición. Esta inscrición será considerada como matrícula.
  - b. Documentación acreditativa que corresponda en cada caso, e que se relaciona na solicitude de inscrición. (Copia do DNI, orixinal ou copia cotexada da titulación de acceso).
  - c. Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA: ES36 2080 0086 2230 4000 2660
  - d. No caso de solicitar a validación dalgún módulo profesional cuxa resolución é competencia da persoa titular da dirección do centro educativo, deberá presentarse a solicitude de validación de módulos (anexo XIV da Orde do 12 de xullo de 2011) e a documentación acreditativa perante a dirección do centro educativo.
5. **Prazos e lugar de presentación:**
  - a. Segunda convocatoria: **do 3 ao 13 de maio de 2022**.
  - b. Presentaranse na secretaría do centro público sede destas probas. Se a solicitude se remite por correo postal, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario, para garantir que a data de remisión sexa anterior á de pechamento da convocatoria.





6. **Alumnado pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo**, poderá solicitar a súa realización nalgún dos prazos e dos períodos extraordinarios establecidos na Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de Formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. O módulo de Formación en centros de traballo dun título extinguido poderá realizarse como máximo ata o seguinte curso académico ao da realización das convocatorias de probas.

A Coruña, 3 de maio de 2022

